

## Servizo gratuíto para imprimir as tarefas escolares Concello de Soutomaior - MES DE XUÑO

O Concello de Soutomaior puxo en marcha no mes de marzo o **SERVIZO DE IMPRESIÓN DE TAREFAS ESCOLARES** para as familias que o precisasen durante o Estado de Alarma derivado da pandemia COVID-19. Co fin de adaptar este servizo ás circunstancias actuais coas novas modificacións do proceso de "desescalada" que se poida derivar do Estado de Alarma, a continuación explicamos como O **FUNCIONAMENTO PARA O MES DE XUÑO** ata a finalización do curso escolar 2019/2020.

Dado que a situación actual de "desescalada" que xa permite unha maior mobilidade das persoas e isto dificulta atopalas no seu domicilio atopamos moitas dificultades para encontrar ás persoas en casa tendo que acudir moitas veces ó mesmo domicilio para poder facer o reparto, por isto, **modifícase o SISTEMA DE ENTREGA DE DEBERES:**

**PERSOAS CON DOMICILIO EN SOUTOMAIOR (Parroquia):** O Concello **entregará a documentación nos domicilios** das persoas na maior brevidade posible como xa se viña facendo.

**PERSOAS CON DOMICILIO EN ARCADE (Parroquia):** a medida que vaian estando impresas as tarefas **chamaremos a cada persoa para citala e se pase a recollelas presencialmente pola Biblioteca Municipal Luís Seoane.**

*IMPORTANTE: A impresión seguirá realizándose por orde de entrada de cada correo electrónico por iso seremos nós as que avisemos de cando se poden pasar a recollelos e non antes porque non estarán listos ata ese momento.*

O resto de normas mantéñense igual:

- ✓ As persoas interesadas deberán enviar a documentación ó correo electrónico: [educacion@soutomaior.com](mailto:educacion@soutomaior.com), indicando o nome, enderezo e número de teléfono de contacto.
- ✓ O servizo soamente se presta a **persoas empadroados porque non temos competencias de reparto noutros Concellos.**
- ✓ **Non poderán imprimir libros completos** (si envían un libro indiquen as páxinas a imprimir). Si son fichas valorarase a cantidade e a obrigatoriedade como tarefa escolar.
- ✓ A documentación que se envíe para imprimir deberá estar **estar exclusivamente relacionada con tarefas e deberes escolares ou apuntamentos**(dependendo dos niveis educativos).



Concello de  
**SOUTOMAIOR**  
PONTEVEDRA

- ✓ As impresións **serán en B/N** (lembren non eliminar o arquivo inicial por si necesitan logo ver as cores no documento orixinal)
- ✓ O Concello imprimirá a documentación **os luns e martes en horario de mañá.**
- ✓ Imprimirase e entregarse a documentación tendo en conta **a orde de entrada no correo electrónico.**

Rogamos que remitan a documentación tendo en conta o funcionamento do servizo para que poidamos seguir axudándolles. Así mesmo, teñan en conta as circunstancias nas que nos atopamos (derivadas do Estado de Alarma) e a limitación que isto supón para o funcionamento da Administración e dos seus efectivos.

*Por favor, rogamus que para o bo funcionamento do servizo eviten enviar documentación que non sexa imprescindible imprimir (ex. Títulos e indicacións de tarefas moi curtos) lembren que unha persoa desprázase ata a súa casa exclusivamente para isto).*

Soutomaior, 27 de maio de 2020